



Tertulias Literarias



Manuel Gago Mariño (Palmeira, Ribeira, 1976) é doutor en CC. da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade, é director de culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

É editor de [Capítulo Cero](http://CapituloCero.com), un dos blogs referentes da rede galega, no ámbito da divulgación histórica, científica, en estilos de vida, gastronomía e cultura, e por el ten recibido premios e mencións de diferentes colectivos profesionais galegos.



A casa das historias de Manuel Gago. Desde 2002.

GASTRONOMÍA / VIAXES / ARQUEOLOXÍA & HISTORIA / COMUNICACIÓN / SOBRE MÍN

Colaborador habitual da Radio Galega, La Voz de Galicia e nos suplementos culturais de El Progreso e Diario de Pontevedra.

No ámbito da difusión e investigación no ámbito arqueolóxico, Gago ten participado en diversos proxectos (A Lanzada, Pena Furada, Torre dos Mouros, etc.) É fundador de patrimoniogalego.net, a rede social do patrimonio cultural de Galicia e membro do colectivo romanarmy.eu, de investigación da presenza do exército romano no NW peninsular.




Tertulias Literarias



Manuel tamén foi comisario de exposicións como “[Ao pé do Lar](#)” promovida polo Fórum Gastronómico en Compostela. Outras exposicións comisariadas son “[Galicia 100: Obxectos para contar unha cultura](#)” e “[Alba de Gloria de Castelao](#)”. En 2019 comisariou “[Galicia, un relato no mundo](#)” na Cidade da Cultura.

As súas tarefas como ensaísta e escritor cubren desde o campo da gastronomía, arqueoloxía e ficción histórica. As súas obras narrativas son “[Vento e chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia](#)” en colaboración co ilustrador [Manel Cráneo](#), “[Historia das Historias de Galicia](#)” (coautor), a súa primeira novela “[O Anxo Negro](#)” e a máis recente “[O exército de fume](#)”



No eido audiovisual dirixiu o documental “[As pedras de San Lourenzo](#)”, Premio no Festival de Cine Arqueolóxico de Castilla y León 2017.

Manuel ten visitado a Biblioteca Rialeda nos anos 2012 e 2014 dentro do ciclo de charlas divulgativas “[Ler para Saber](#)” coas intervencións “Repúblicas de homes libres: na procura dos viquingos en Galicia” e “Na procura dos deuses da Idade do Ferro. Da ciencia á fantasía con “Vento e chuvia”.

Fonte: <http://manuelgago.org/blog>

“O exército de fume” de Manuel Gago Crítica por Ramón Nicolás ([Fugas. La Voz de Galicia](#), 2018)

Demorei moitos días a lectura desta última e voluminosa novela de Manuel Gago, talvez para gorentar aos poucos o que entendo como un proxecto narrativo cobizoso e, ao mesmo tempo, coherente e concibido como unha aposta consciente por ofrecer un traballo que exhibe un rexistro de trazo rápido e fluído, documentado con solvencia e que explora, desde a ficción, motivos que latexan no noso pasado recente.

Con todo, son diversas as teselas que compoñen esta coidada proposta en que a alternancia espacial que a estrutura -de Londres a Vigo, de Ponteceso ao Xistral, da Coruña a Laxe entre outros lugares- resulta debedora, talvez, dunha inspiración cinematográfica que lle outorga



Tertulias Literarias

indiscutible vivacidade. O mosaico que se obtén é o espello dun exercicio que mira cara a atrás e rescata, como motivo literario, o mundo da resistencia armada contra o franquismo que se agocha, e que aquí cobra visibilidade, ao longo dos primeiros anos da década dos corenta. Velaí, precisamente, as actividades dese exército de fume, cos seus propios conflitos e vicisitudes particulares; velaí o universo dunha parte do movemento guerrilleiro galego abordado con plasticidade, á marxe das sempre lícitas fronteiras que separan a ficción, a realidade e a lenda.



A carón deste vector, tan cheo de matices, a novela incorpora un asunto de extraordinario interese, que comeza a abordarse noutras propostas de ficción recentes, como resulta a presenza dos nazis en Galicia e o seu asentamento, baixo a permisividade do réxime, en diversos lugares das nosas costas. Mais non só se atesouran aquí estes dous focos de interese, pois a novela manexa aínda outros elementos que van confluíndo entre si con habilidade, como o que se deriva do universo da espionaxe e da contraespionaxe en Galicia levado a cabo por dúas das potencias en guerra como foron Inglaterra e Alemaña, protagonizado por personaxes de carne e óso, cheos de contradicións, que ás veces se moven por instintos, que por veces son arrastrados a seren protagonistas de fazañas increíbles por un afán de xustiza que nos fai pensar igualmente en heroes e heroínas, que talvez o foron sen que nunca se lles recoñecese: de mestras a canteiros ou de mariñeiros a labregos ata

a presenza dun pintor chamado Ligrís, operativo para que o argumento anoe con solvencia algúns dos seus fíos e para simbolizar outro tipo de resistencias.

Nun mundo onde o manto do esquecemento aínda oculta tantos acontecementos, se cadra O exército de fume constitúe unha das novelas máis precisas, e de satisfactoria lectura, para entendernos a nós mesmos.

Fonte: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2018/08/24/span-langlantifranquismo-espionaxespanspan-langgl-exercito-fume-spanspan-langgl-exercito-fume-span/0003_201808SF24P6991.htm



“O exército de fume” de Manuel Gago

Crítica de Xosé M. Eyré ([Ferradura en Tránsito](#))

Desde que Eduardo Rolland publicara [Galicia en Guerra](#) (2007, Xerais tamén) comezou a ser revisado o papel que Galiza xogou na II Guerra Mundial. Referímonos á ficción, malia o libro de Eduardo Rolland non ser ficción, mais descobre un teatro onde nazis e aliados xogan a súa particular batalla de espionaxe e contrespionaxe, cunhas autoridades franquistas que en principio son neutrais mais deixan facer ao seu antollo ao nazis mentres non os incomoden cos ingleses. E hai pouco Marcos Calveiro publicaba [O xardineiro dos ingleses](#) onde tamén despregaba unha trama de espionaxe entre nazis e ingleses na Galiza, aínda que non centrada na II Guerra Mundial. E agora chéganos esta O exército de fume de Manuel Gago, unha apaixonante historia de espionaxe e contrespionaxe, de fuxidos e loita contra o fascismo, a medio camiño entre a lenda e a fidelidade histórica, para construír unha poderosa ficción que, se ben é imposible que tivera lugar, si conta e se basea con elementos históricos. O autor vén así a encher un oco que aínda hai na ficción galega, os poucos títulos que se ocupan da II Guerra Mundial na Galiza, malia esta ser un teatro de operacións onde nazis e aliados despregaron as súas armas de espionaxe e contrespionaxe. Para os nazis, Galiza era un lugar estratéxico para rebastecer os seus submarinos na loita por eliminar Xibraltar como enclave desde o cal dominar o Mediterráneo. E para os aliados resultaba importante precisamente polo contrario, éralles imperioso que os nazis non puideran rebastecer ou reparar os eus submarinos para garantir o seu poderío naval. Neste contexto, Manuel Gago dá entrada aos guerrilleiros fuxidos no monte.

A trama, aínda que se pode dicir que abarca un período de tempo amplo, transcorre case toda en 1942, cando aínda a II Guerra Mundial estaba por decidir e a guerrilla galega tiña unha importante presenza social, naquel tempo da fame a miseria en que aínda se pensaba que a vitoria aliada axudaría a rematar coa ditadura franquista. Contando con personaxes reais (Winston Churchill, [Samuel Hoare](#) ou [Urbano Lugrís](#), [Curuxás](#)), outras que son ficción mais están baseadas en personaxes que existiron, e outras que son totalmente ficticias, Manuel Gago visibiliza mediante a ficción un conflito que foi real, empregando así o formato da novela como un difusor social especialmente importante. Evidenciando así que aquel mantra mentireiro da “Galiza leal” non foi máis que unha oportunista cortina de fume mediante a que os franquistas tentaron agachar a contestación social que o réxime tiña na Galiza. Alí onde houbo resistencia antifascista, os resistentes teñen a consideración de heroes, menos aquí, na Galiza, onde precisamente a loita antifranquista tardaría máis en ser erradicada. Non deixa de ser unha contradición, un silencio histórico que a ficción de Manuel Gago rescata para a memoria colectiva.





Tertulias Literarias

Sendo interesante o tratamento que se lles dá ás personaxes históricas, pola dificultade que representa non contradicir unha forma de pensar e actuar constratábeis, non o é menos aquel que se lle depara a personaxes ficticias baseadas en personaxes reais, como o guerrilleiro Ramallo, porque conseguen sernos críbeis, e aínda quedan aquelas que son totalmente ficticias, como Brais, que chegan a interesarnos moito e proporcionan á trama, curiosamente, o elemento mediante o cal se fusionan as anteriores procedencias. Velaquí como a ficción sae en auxilio da Historia, ou como a Historia se enriquece coa ficción, pois non se pode esquecer o papel reivindicativo que esta ten. Resultando un conxunto harmónico que desde o punto de vista estritamente literario resulta apaixonante, non só pola dificultade que representaba xogar con personaxes de procedencia tan dispar, resolta con éxito, senón polo feito de que a trama é das que atrapan ao lector. Construída a base de mosaico de capítulos breves, onde uns se complementan a outros na ensamblaxe final, esta historia de espionaxe e sabotaxe dunha hipotética base para submarinos na costa galega tira do lector que, por debaixo, vai intuindo unha historia de amor entre Brais e Celia, un canteiro e unha mestra de escola de orixe burgués republicano, unha historia de inocencia e paixón que sorprende polo seu desenlace.

Queren unha boa novela para ler ao fresco nestes días de calor sufocante? Pois velaí a teñen. Aínda que a calidade da novela non vai mudar as suores en brisa fresca e será igual de boa en calquera outra circunstancia climática, o certo é que o título de Manuel Gago se esmera na configuración das personaxes, respeta moito os ambientes da época (tanto rurais coma cidadáns, do norte ou do sur) e dispón a trama de xeito que a administración de información vai medrando pouco a pouco e imparabelmente para que o interese lector non decaia.

Fonte: <https://ferradura.blog/2018/08/22/critica-de-o-exercito-de-fume-manuel-gago-xerais/>



Fazañas bélicas na busca de público

Por Xesús González Gómez ([BiosBardia](#))

«Na súa segunda novela, Manuel Gago mergúllase nun poderoso relato de acción no que se mesturan a historia, a lenda e a ficción. Unha novela sobre esquecidos heroes anónimos que non saben que son tal. Cando dúas guerras se xuntan, o futuro do mundo está en xogo», lemos na contracapa. O das dúas guerras vén explicado, tamén, na devandita contracapa: «Principios de 1942. Galicia vive dúas guerras ocultas ao tempo. Na costa, nazis e aliados combatendo mar polo dominio do Atlántico. No interior, a resistencia enfróntase teimuda ao poder de Franco, ata que todo se cruza». E aparecen mestras a facer de espías, guerrilleiros que se enfrontan ao franquismo e a outros guerrilleiros, o MI-6 británico, espías nazis, un «pintor de océanos», etcétera: por variedade de personaxes non queda a cousa. E para que a cousa non sexa sinxela, misterio sobre misterio: un gran segredo sobre a familia da mestra...

A novela que argallou Manuel Gago é, simplemente, unha novela de aventuras. Ou, se se prefire, unha novela de «fazañas bélicas», que penso que é o que autor quixo construír, sen máis, a pesar de que introduza nela actos, accións e pensamentos políticos que se se lle quitan deixan a novela igual que está: non variaría nada, así que esquezamos neste rápido comentario calquera «valoración» política; ou a intromisión da política no comentario.

Novela de aventuras, afirmamos, pero o erro que comete o autor é que crea unha atmosfera demasiado inxenua, que consegue, demasiadas veces, que o lector pense que está a ler un guión de debuxos animados dobrado dunha novela con política: incidentes, caídas, amoríos, intrigas dentro das intrigas, un algo de sexo... e demasiadas trampas agachadas son o contrapunto dun argumento sinxelo que o autor, intelixentemente, consegue facer aparecer como «revirado» ao introducir personaxes que aparecen e desaparecen sen que o lector lle dea importancia ningunha a esas desaparicións, como non lle outorga importancia ningunha á omnisciencia do autor/narrador, que coñece todos os nomes e apelidos dos seus personaxes, mesmo só sexan «extras» (no sentido cinematográfico da palabra), aínda que ten a ben dosificar ese saber e só dá eses nomes cando lle peta: os dos aviadores da RAF, por exemplo, cuxos nomes non veñen a conto, mais iso tampouco, o que non veñan a conto, ten ningunha importancia. Outro dos elementos que usa o autor para dar a impresión de que creou unha trama complicada é narrar mediante capítulos máis ben curtos que se desenvolven en distintos tempos sen seguir un curso lineal. Mais o importante para o autor, e talvez para o lector afeito a este tipo de textos, é que todas as casualidades cadren –como cadran– cunha vontade demasiado matemática (como, por



Praia de Balarés
Embarcadoro de titanio e wolframio



Tertulias Literarias

exemplo, a do «pintor de océanos», que non é outro que Urbano Lugrís, cuxa importancia no desenvolvemento da novela é nula) e uns personaxes de reaccións superficiais, a pesar de que os diálogos, e a intervención do autor (nada de voz narrativa), se empeñen en mostrar e ensinar unha conciencia política e social e uns detalles elementais de sentimentalismo e erotismo que en realidade están para o que están: encher baleiros.

Como adoita acontecer nas novelas desta clase (de aventuras, subxénero fazañas bélicas a que se lle agrega unha parte do subxénero de espionaxe –ou viceversa: elixa o lector o que máis lle agrade ou o que lle pete), os personaxes son todos dunha peza aínda que poida aparecer algún que outro ao que se lle presta, ou ao que se lle introduce, algún punto de ambigüidade. Polo demais, xa pode imaxinar o lector, aínda que non estea afeito a este tipo de literatura, de que características físicas, morais, intelectuais... gozan os «protagonistas», é dicir, os heroes anónimos, da novela (a mestra, Celia, que, segundo a contracapa, «recibe o seu primeiro destino unha distante aldea da Costa da Morte», é, evidentemente, unha beleza, sabe non sei cantos idiomas e mesmo leu Madame Bovary á idade de 14 anos). Sobre as características morais dos inimigos destes heroes, non fai falta dicir palabra: tamén as imaxina facilmente o lector.



O exército de fume é un intento de producir unha narrativa de argumento comercial que sexa competitiva coas novelas de xénero que fabrican os escritores de best-seller americanos e ingleses maiormente, mais un ten a impresión de que quedou a medio camiño, quizais por unha falta de distanciamento dos personaxes: aquí ingleses (aparece até W. Churchill), alemáns (aparece Albert Speer), galegos, etc., falan todos igual e botan máis ou menos as mesmas maldicións. Ás veces, por exemplo, cando están a falar dous membros do MI-6 dá a impresión de que quen están a charlar son dous seareiros nun bar do Orzán.

Está claro que esta novela non ten ambición literaria, a pesar de que frases teoricamente líricas ou poéticas incen ás veces o texto (A noite mordía anacos de luz (...); un denso manto de nubes impedía ver ese firmamento fulgurante.// As formas definíronse con perfís prateados.// O mar arrolaba as barcas como unha avoa o seu neto.// Aquela nube insólita no medio do mar, etc.): acho que o autor quere, simplemente, ser lido sen formular problemas aos seus posíbeis lectores e, evidentemente, nin a si mesmo: quixo, e fixo, unha novela de aventuras, con demasiados mecanismos tirados do folletín (aquí, todo acaba ben, individualmente; é dicir, para os heroes anónimos), porque Manuel Gago intúe, ou intuía, que tamén hai unha serie de lectores que queren ler e non queren ler o que se coñece como literatura, que lles parece unha cousa pesadísima e máis inintelixíbel que os manuais de instrucións de usos que acompañan os electrodomésticos e outros aparellos electrónicos: manuais que en escuridade danlle leccións,



por exemplo, a Martin Heidegger. Noutras palabras queren ler best-seller escritos en galego e que se desenvolvan en Galicia. Se existen eses lectores, por que non entregarlles eses produtos?

Fonte: <https://biosbardia.wordpress.com/2019/05/15/o-exercito-do-fume-fazanas-belicas-na-busca-de-publico/>

Manuel Gago: “Os guerrilleiros da Mariña inspiraron os heroes imaxinarios da novela”

Entrevista por Vanesa Gómez Lourido (xornaldamariña.gal, 2019)

Quen son o exército de fume?

Exército de fume é como chamo nesta novela ao movemento de resistencia antifranquista que estivo activo en Galicia ata practicamente os anos 50. E chámolle exército de fume porque parece que desapareceron da nosa memoria a pesar de que, cando escarbas un pouco, seguen aí.

De fume tamén porque unhas das principais armas que utilizaba ese exército eran bombas de fume que lanzaban para despistar cando estaban atrapados en emboscadas pola Garda Civil.

Son protagonistas dunha trama de ficción pero nun contexto histórico no que se cruzan a Segunda Guerra Mundial e a acción da guerrilla. Como foi o proceso de documentación?

Si, como dis, a novela combina feitos históricos, ficción, e tamén un terceiro elemento, que son as lendas. En relación coa Segunda Guerra Mundial e a guerrilla, moitas veces, os feitos xa se converteron en lenda.

Non sabes onde remata a fantasía e comeza a realidade. Galicia foi un teatro de operacións relevante na Segunda Guerra Mundial pola súa situación estratéxica no Atlántico. Hai fontes bibliográficas e documentación exhaustiva a que recorrer con respecto a isto.

Tamén arredor do fenómeno da guerrilla pero, neste caso, a información tiven que complementala, na medida en que puiden, con traballo de investigación oral, porque hai aspectos que non están recollidos na bibliografía.

A cultura popular converteu algúns destes episodios en lendas e interesoume entender ese proceso. No final da novela convido aos lectores a que eles mesmos pensen e descubran cales son os límites entre a historia, a ficción e a lenda.



**Indagaches na memoria da guerrilla na Mariña?**

Si, na Mariña hai unha memoria e un interese pola guerrilla. Sobre todo no Xistral pero tamén na zona máis oriental. Na homenaxe que se fixo ao “Gardarríos” en xuño en Mondoñedo, a sala estaba chea a rebentar. Teño ido a uns cantos actos arredor do mundo da resistencia antifranquista en diferentes partes de Galicia e o número de asistentes é menor. Iso fala claramente dese interese.

Na miña novela, a Mariña, o Xistral, aparece en varios puntos como refuxio de guerrilleiros. Hai un momento no que o guerrilleiro protagonista, Ramallo, ten que acudir a buscar a outro ao Xistral, que se chama Regos. Vaino buscar porque é un magnífico tirador.

Aí o deixo, para quen queira mirar as relacións que hai entre este Regos e o gran “Gardarríos”. Utilicei aos guerrilleiros da Mariña, homes e mulleres, para construír os meus guerrilleiros imaxinarios.

Porque optaches por personaxes imaxinarios?

Porque facilita que o lector poida coller un pouco de distancia e facilita a narración pero si quería tiveran moitos dos reais. No caso da Mariña sempre me interesaron non só o “Gardarríos”, senón as mulleres que, como desvelou Aurora Marco, acabaron involucradas na resistencia de maneira activa, que morreron abatidas, empuñando os fusís.

Por outro lado, as guerrilleiras e guerrilleiros son o eslabón dunha cadea moito máis ampla da resistencia. Sobreviviron porque tiveron un gran apoio popular. Isto tamén se recolle na novela.

A presentación organizaa o colectivo Memoria da Mariña, que traballa na restauración da memoria dos guerrilleiros. A presenza destes personaxes na novela ten tamén esa intención reivindicativa?

Absolutamente. Aínda que hai unha certa bibliografía desde o puntos de vista histórico ou académico, na literatura do país apenas aparecen os guerrilleiros. Iso, a pesar de que sobre a Guerra Civil hai unha chea de libros, e de que as vivencias destas persoas teñen un valor literario obxectivo.

Pensei que esa ausencia revelaba certa prevención con respecto a eles. En parte, porque este fenómeno nos fala de que, no franquismo, non só houbo vítimas se non tamén xente que resistiu. Iso fai que sexan, en certo modo, unha presenza incómoda.

Por outro lado, interesábame reivindicalos como heroes. Pensemos que a única diferenza entre eles e os guerrilleiros que loitaron en Francia, Noruega, Italia ou os Balcáns contra os nazis é que os nosos perderon. Pregúntome en que medida levamos algo de argumento do vencedor en



Tertulias Literarias

nós cando non lles facemos memoria. Por iso colaboro moito cos colectivos que están interesados en recuperar esa parte da memoria.

Eu reivindico aos que considero unhas heroínas e uns heroes. Agora ben, non como os de Walter Scott. Se non como xente coas luces e as súas sombras, coas súas dificultades e coas súas xenialidades.



Ramallo, o guerrilleiro protagonista, ten medo.

Si. Hai persoas medosas que sen embargo levan a cabo accións increiblemente valerosas, aínda que non sexan conscientes. E tamén na novela vemos que hai xente que defende ideais moi elevados e, sen embargo, son absolutamente miserables na súa vida cotiá como Luis Pardo, o pai de Celia, a protagonista. As novelas lévannos a cuestionarnos os relatos monolíticos e simplistas e plantexarnos a realidade doutra forma.

A novela é tamén unha forma máis doada de achegar ao público eses personaxes que definías como “incómodos”?

Creo que si. O venres pasado nun coloquio discutiamos precisamente sobre iso, sobre que facer para difundir máis estas figuras, como chegar a máis público. Eu intentei representar aos nosos guerrilleiros como se a novela estivera escrita por un noruego ou por un francés que falara sobre a súa resistencia. E nunha época na que interaccionaron cun enemigo que todo o mundo coñece. Creo que son claves para intentar achegar esta parte da historia a outra xente.

A xente nova por exemplo. O luns estiven nun club de lectura en Vigo. Pasamos parte da sesión falando da idea de derrota. Ao final, achegáronse dúas rapazas que me dixeron. “Chamounos a atención que lle desedes tantas voltas é derrota, porque a nos os protagonistas parecerónnos vencedores”. Servíame para pensar en que medida todo o que se nos contou, a ideoloxía que nos rodea, condiciona a nosa forma de mirar.

Falamos moito da tremoia, da construción da novela, da relación coa realidade, pero que che din sobre a lectura?

É unha novela pensada para ler na praia, antes da durmir, para disfrutar con accións. Os lectores dinme que engancha. Como escritor, interesábame demostrar que podemos construír novelas de acción e fascinantes a partir da nosa propia historia, que non necesitamos estar contando sempre un sermón.



Tertulias Literarias

Eu quero facer libros que axudando a pensar, a abrir portas e horizontes, non se desvíen do obxectivo principal que é entreter. Creo que a novela fai que a xente desfrute do pracer da lectura.

Fonte: <http://xn--xornaldamaria-tkb.gal/central/15603-manuel-gago-os-guerrilleiros-da-marina-inspiraron-os-heroes-imaxinarios-da-novela/>

Para saber máis:





[Entrevista con Manuel Gago no blog “Fervenzas Literarias”](#)(2019)

[Entrevista con Manuel Gago en Galicia Confidencial](#) (2018)

[Entrevista con Manuel Gago no Xornal Praza](#) (2018)

[Club de Lectura Virtual celebrado en Facebook Live o 16 marzo 2020](#) (youtube)

Lecturas relacionadas nas Bibliotecas de Oleiros:



*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as ou medios